

LINDEIROS

O XORNAL DA BISBARRA DE COMPOSTELA



BISBARRA ▾

COLABORACIÓN S ▾

AXENDA

ENTREVISTAS ▾

UNIVERSIDADE

REPORTAXES

LUGARES

O Colexio de Psicoloxía promove un encontro sobre a práctica no embarazo, o parto e o posparto

BY LINDEIROS ON 25 OUTUBRO, 2017

COMPOSTELA

Compostela, 25 de outubro do 2017 – Hoxe mércores, 25 de outubro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia acolle unha conferencia sobre a psicoloxía perinatal, que se ocupa dos aspectos psicoafectivos que se dan durante o embarazo, o parto e o posparto.

A conferencia comezará ás 18 horas e desenvolverase no salón de actos da sede do COPG, en Santiago de Compostela, e será impartida por Natalia Guedella Sebastián, psicóloga educativa certificada en Saúde Mental Perinatal..



A psicoloxía perinatal trata temas relacionados con trastornos emocionais durante o embarazo, as perdas xestacionais ou perinatais, o vínculo temperán, a violencia obstétrica, a depresión posparto, a prematuridade, os cambios relacionados coa paternidade, a lactancia, etc. Trátase dun período no que adoita prestárselle especial atención aos cuidados físicos, pero diversos estudos sinalan a súa incidencia na saúde física e tamén psicoemocional das mulleres, dos bebés e do funcionamento adaptativo dentro do ámbito familiar.

Os trastornos da saúde psicolóxica están presentes nunha de cada cinco mulleres durante o período perinatal. Entre os devanditos trastornos son máis frecuentes a depresión, os trastornos de ansiedade, a psicose postparto e o trastorno por tensión postraumática. Malia a estas elevadas cifras, apenas existen tanto programas de prevención primaria e secundaria sistemáticos destes trastornos como profesionais especializados e especializadas en atención á saúde psicolóxica perinatal da nai no sistema sanitario.

Axenda

Charlas

psicoloxía

SHARE:



◀ PREVIOUS ARTICLE

María Garrido, directora de márketing de
Martín Códax

NEXT ARTICLE ▶

Torneo Macía Padel, xogo, set e partido

RELATED POSTS

SIGUENOS NAS REDES



SUSCRÍBETE

inserta o teu mail e recibe cada día no teu correo
novas que publica Lindeiros:

Subscríbete

Delivered by FeedBurner



IMAXES DE LINDEIROS



Uso de cookies

Este sitio web utiliza cookies para que usted tenga la mejor experiencia de usuario. Si continúa navegando está dando su consentimiento para la aceptación de las mencionadas cookies y la aceptación de nuestra política de cookies, pinche el enlace para mayor información.

ACEPTAR